

# CELEBRACIÓN EUCARISTÍA NAS PARROQUIAS

---

DOMINGO I ADVIENTO (1-12-2024)

«Todos xuntos regalamos esperanza»

## DÍA DIOCESANO E INTERNACIONAL DAS PERSOAS CONDISCAPACIDADE

CANTO: Durante a procesión de entrada

### **MONICIÓN DE ENTRADA** (1 min)

Benvidos todos a esta celebración. Hoxe comezamos o tempo do Advento, tempo propicio para a esperanza, acendendo a primeira das candeas da coroa.

[acéndese a candea]

Iniciamos, así, o novo ano litúrxico, e unímonos tamén á celebración do “Día diocesano e Internacional das persoas con Discapacidade” facendo noso o seu lema: “TODOS XUNTOS REGALAMOS ESPERANZA”.

Por iso o Arcebispo da nosa diocese celebra/celebrou esta Eucaristía no Centro Pai Menni das Irmás Hospitalarias da Nosa Señora do Sagrado Corazón de Xesús, en Betanzos, que acolle e atende a persoas con discapacidade intelectual, e que este ano conmemora o vixésimo quinto (25º) aniversario da canonización do seu fundador, San Benito Menni.

Que a celebración da eucaristía manteña en nós a certeza de que para Xesús TODOS somos amados, iguais e irmás na paternidade de Deus.

Preside a celebración o Arcebispo de Santiago, Don Francisco José Prieto Fernández.

## **ORACIÓN UNIVERSAL:**

1. Pola Igrexa, para que neste tempo de Advento prepare o camiño ao Señor que vén salvar ao seu pobo. **Preguemos ao Señor.**
2. Para que as persoas con discapacidade poidan vivir, crecer e desenvolverse coa seguridade de ser amadas. **Preguemos ao Señor.**
3. Polos familiares das persoas con discapacidade, os que os atenden, os profesores, os voluntarios e os catequistas que as acompañan. Para que, xuntos, se an testemuñas de esperanza. **Preguemos ao Señor.**
4. Polos pobos que sofren a guerra, a fame, as inxustizas, para que o Neno Deus traia a paz, o amor e unha vida digna. **Preguemos ao Señor.**
5. Para que fagamos realidade o lema deste ano, “**TODOS XUNTOS REGALAMOS ESPERANZA**”, na sociedade que nos toca vivir e así poidamos anunciar con gozo a chegada do Nadal. **Preguemos ao Señor.**

## **PROCESIÓN DE LAS OFRENDAS:**

### **Cadro de S. Benito Menni.**

Neste primeiro domingo de advento, neste cadro presentamos a vida de San Benito Menni, fundador das Irmás hospitalarias. A través desta imaxe queremos ofrecer o compromiso que aprendemos del: Recoñecer as persoas vulnerables como as vivas imaxes de Xesús.

### **Cesta Talleres:**

Con esta cesta que contén obxectos que elaboramos nos nosos obradoiros

queremos ofrecer o noso traballo diario, que estimula as nosas habilidades e nos dignifica.

**Pan e viño:**

Finalmente, o pan e o viño, que se converterán no teu Corpo e no teu Sangue, e que nos dará a forza necesaria par camiñar como fillos teus.

**SANTO:**

**COMUNIÓN:**

**DESPEDIDA e CANTO FINAL Á VIRXE: «Yo tengo una madre»**